

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, O  
CONCELLO DE ORTIGUEIRA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A., PARA A  
CELEBRACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA 2026**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Ortigueira o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o concello para o apoio á celebración do Festival Internacional do Mundo Celta 2026.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.



**Segundo.-** Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

O apoio ás festas de interese turístico é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

**Terceiro.-** O Concello de Ortigueira ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración do Festival Internacional do Mundo Celta 2026.

**Cuarto.-** O Festival Internacional do Mundo Celta, que nacia no ano 1978, froito do esforzo da Escola de Gaitas de Ortigueira, e un dos referentes mundiais do folk, e un dos eventos musicais máis multitudinarios de toda España. A súa magnitude consolídase como un espazo libre onde conflúen xentes de todas as tribos chegadas dos máis diversos puntos da xeografía.

No ano 2000 sentáronse as bases do que é hoxe unha auténtica industria cultural, ao tempo que o Festival abría o seu horizonte musical cara a outros tipos de música que non teñen por que ser estritamente celtas. Este evento non só potencia a música e a cultura tradicional, senón que tamén promociona o turismo e a economía da zona do Ortegal.

O esforzo nas súas últimas edicións pasa por reforzar as infraestruturas de servizos - autobuses gratuítos, aparcamentos vixiados, duchas, aseos, puntos de información- para facer máis cómoda a estancia dos milleiros de visitantes que ateigan a vila e a praia de Morouzos, e coidar ao máximo a calidade da



programación musical. As estrelas do folk elixen os palcos de Ortigueira para presentar os seus últimos traballos -escenario Estrella Galicia- e o certame eríxese ademais como catapulta de novas bandas -Escenario Runas-.

A forza do Festival, organizado polo Concello de Ortigueira, valeulle que na edición do 2003 o Ministerio de Economía lle concedese o galardón de Festa de Interese Turístico Nacional . Pero os recoñecementos irían aínda máis aló. O 17 de marzo de 2005 o certame entrou no selecto grupo de eventos de Interese Turístico Internacional. O empuxe do Festival -arredor de 100.000 asistentes nas súas últimas edicións- ou o seu papel na proxección de Galicia e España no estranxeiro foron só dous dos factores que lle valeron o recoñecemento. Recibiu tamén o Premio da Cultura Galega no ano 2014, o que da significado aos aspectos culturais do mesmo. Ademais nos últimos anos recibiu os premios "Andaina Senlleira" 2021, do periódico A Opinión da Coruña, o recoñecemento da XXXIV Xuntanza de Gaiteiros 2022, ou o Premio Martín Códax da Música a Festivais no ano 2022.

**Quinto.-** Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Ortigueira unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico



o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

